



LUDOTECA DE NADAL PONTECESURES

2022

BASES

1. A LUDOTECA DE NADAL é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende non só ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos e cativas, senón permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. A LUDOTECA DE NADAL está **DIRIXIDA** a nenas e nenos con idades comprendidas entre 3 e os 12 anos (ambos inclusive).

3. O **SERVIZO** desenvolverase os días **26, 27, 28, 29 e 30 de decembro de 2022 - 2, 3 e 4 de xaneiro de 2023** nas instalacións do Anexo do Pavillón Municipal de Pontecesures situado no Camiño Infesta, 32 - Pontecesures.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO**

Nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (ambos inclusive) atendendo aos seguintes criterios e pola orde que na que se expoñen:

- Terán preferencia os/as solicitantes empadroados no Concello de Pontecesures. No caso de quedar prazas sen cubrir, atenderanse solicitudes de usuarios/as non empadroados/as.
- FAMILIAS MONOPARENTAIS e FAMILIAS NUMEROSAS (situación que deberá ser acreditada mediante certificación oficial)
- As persoas (nais, pais ou tutores legais) que acrediten ter **NECESIDADES DE CONCILIACIÓN DEBIDO Á SITUACIÓN LABORAL** mediante declaración responsable na que se indicarán: contratos laborais, vida laboral e/ou certificado de empresa que reflecta os horarios de traballo.





En caso de empate nas puntuacións, resolverase segundo a renda per cápita da unidade familiar, que se calculará tendo en conta os datos do IRPF do 2021, tendo preferencia aquelas unidades familiares coas rendas máis baixas.

As situacións manifestadas na devandita declaración responsable (contratos, certificados de empresa, situacións de familias monoparentais ou numerosas, ingresos e xustificantes de empadramento) poderán ser requeridas polo Concello de Pontecesures a efectos de comprobación.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 09:00 a 14:00 horas. Os nenos e nenas terán que ser entregados entre as 09:00 e as 10:00 h e recollidos entre as 13:00 a as 14:00 horas.

6. **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 45 prazas. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de 10 solicitudes.

7. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.

A solicitude de admisión no servizo realizarase cubrindo a **ficha de inscrición e declaración responsable (Anexo I)** e aportando, de ser o caso, a documentación que se require en dita solicitude a cal poderán descargar na seguinte ligazón <http://pontecesures.org/vernoticia.asp?id=1756> ou recoller nas oficinas do Concello. Unha vez cumprimentada, achegarase ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h.

Aquelas familias teñan presentado correctamente toda a documentación requirida para solicitar praza no servizo de Campamento de Verán 2022 e manteñan as mesmas circunstancias, **non** terán que voltar a facelo, quedando obrigadas a presentar unicamente a solicitude de inscrición, autorizacións e declaración responsable contidas (Anexo I).





8. PRAZO DE INSCRICIÓN.

O prazo para solicitar praza na LUDOTECA DE NADAL abrírase o día laboral seguinte ao da publicación das presentes bases e estenderase **ata o día 22 de decembro de 2021 ata as 14:00 horas.**

9. **ACEPTACIÓN DAS BASES.** As persoas que presenten inscrición nesta actividade aceptan todo o contido nas presentes bases.

